



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



INSTRUCCION da Secretaría Xeral, do
de outubro de 1993, sobre aplicación d
Resolución do Rectorado, do 5 de xullo
de 1993, sobre o envío e recollida d
actas de exame.

A Resolución do Rectorado do 5 de xullo de 1993 regula
recepción das actas de exame nas Unidades de Xestión Académica
unha vez entregadas polos Profesores que deben asina-las, na
Secretarías dos Centros que imparten a correspondente docencia

O mesmo tempo, indícase na devandita resolución que a entrega
das actas por parte dos profesores levarase a cabo de xeito
improrrogable no prazo de dez días.

Por conseguinte, esta Secretaría Xeral dicta-la seguinte
INSTRUCCION:

1Q.- Unha vez recibidas nas Unidades de Xestión Académica as
actas confeccionadas polos Servizos Informáticos, estas serán
remitidas directamente ós Secretarios dos Centros.

2Q.- Os Secretarios dos Centros Universitarios farán entrega
das actas ós Profesores que deban asina-las de acordo co Plano
de Organización Docente, no prazo improrrogable de 48 horas.

3Q.- Os profesores encargados de imparti-la docencia de cada
materia entregarán as actas correspondentes na Secretaría do
Centro que organiza a respectiva titulación.



40.- A entrega destas actas por parte do Profesorado, farase de xeito improrrogable, antes de que rematen os dez dias seguintes.

O que lle participo a Vde. para xeral coñecemento e cumprimento.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 1993.

O SECRETARIO XERAL,

Enrique Jiménez Gómez.

Enviado a:
Excmo. Sr. Vicerrector de Organización Académica.
Excmo. Sr. Vicerrector de Planificación e Programas.
Sres. Secretarios dos Centros.
Sres. Directores de Departamentos.
Sr. Xefe do Servicio de Alumnado.
Sres. Xefes das Unidades de Xestión Académica.